

# 27 DE MARZO

## “I Olimpíadas do Pai Igualitario”

**“PAPÁ MANS Á OBRA”.**



**ORGANIZA:** CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Concellería da Muller, Servizos Sociais e Sanidade do Concello de Soutomaior

**INFORMACIÓN:** Centro de Información á Muller. 986701227

**COLABORAN:**

Cooperativa de Ensino Santiago Apóstol (A Montesiña)  
C.E.I.P. Padín Truiteiro (Arcade).

## OLIMPIADA “PAPÁ MANS A Á OBRA”

Este concurso enmárcase dentro das actuacións do II Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Soutomaior (2008-2011). En concreto dentro da área de intervención de Educación e Sensibilización, co obxectivo de promover a participación das familias e de outros axentes educativos na coeducación e o fomento da corresponsabilidade.



Co gallo do 19 de Marzo “Día do Pai” e dentro das I Xornadas do Pai Igualitario organizadas polo Concello de Soutomaior, o Centro de Información á Muller, dependente da Concellería de Muller, Servizos Sociais e Sanidade, convoca o I Olimpiada de Pais pola Igualdade

O Obxectivo deste concurso é o de promover a educación en igualdade entre os rapaces e rapazas e o de fomentar a sensibilización para romper con estereotipos sexistas, potenciando a creación dunha identidade de xénero flexible e integral que nos aporte a tod@s maior liberdade e autonomía.

Por outro lado promover a participación das familias e outros axentes educativos no fomento da corresponsabilidade, así coma aumentar a implicación da poboación masculina nas actividades en prol da igualdade real de oportunidades e fomentando a construción de novos roles de xénero que aporten maior flexibilidade e liberdade os seus fillos/as.

Neste concurso os pais terán que pasar unhas cantas probas e preguntas relacionadas coas responsabilidades do fogar , das tarefas domésticas e do coidado. Valorarase por parte da organización tanto a rapidez coma a destreza coa que se leven a cabo estas tarefas.

A olimpiada levaráse a cabo no Multiusos de Arcade , o sábado 27 de Marzo as 10:00 horas e todos os participantes deberán estar anotados con anterioridade no teléfono 986701227 , ou nas oficinas do CIM.

### BASES:

1º.- A temática do concurso é a IGUALDADE NO ÁMBITO DOMÉSTICO E FAMILIAR, entendida como a participación dos pais, avós, ou outras figuras masculinas do seu entorno , nas tarefas domésticas e de coidado e en conductas de corresponsabilidade.

2º.- Poderán participar neste concurso os pais , avós ou tutores dos/ das menores do Concello de Soutomaior empadroados.

3º.- Os participantes deberán inscribirse previamente nas oficinas do CIM .

r/ Peirao, 8 (Multiusos de Arcade)  
Arcade C.P. 36690 Pontevedra  
Teléfono e fax. 986.70.12.27  
e-mail: [cim@soutomaior.es](mailto:cim@soutomaior.es)

4º.- O prazo de presentación das inscricións rematará o 18 de Marzo, as 14:00 horas.

5º.- A Olimpíada consistirá nunha serie de probas e preguntas relacionadas coas responsabilidades do fogar, das tarefas domésticas e do coidado. Valorarase por parte da organización tanto a rapidez coma a destreza coa que se leven a cabo estas tarefas.

6º.- Establécese unha única categoría que incluírá a todos os participantes, que serán agasallados cun delantal conmemorativo da olimpíada pola súa participación.

1º PREMIO: Trofeo conmemorativo das Olimpíadas do Pai Igualitario.

7º.- Os premios entregaránse ese mesmo día unha vez finalizada a actividade.

8º.- Precisaránse un mínimo de 10 participantes para levar a cabo a Olimpíada, de non ser así, quedarán anulada a realización do concurso.

9º.- A PARTICIPACIÓN NESTE CONCURSO IMPLICA ACEPTAR ÍNTEGRAMENTE ESTAS BASES.